



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Por resolución da 7ª Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da área de Servizos Sociais e Igualdade N° 2020000355, de 31 de xaneiro de 2020, apróbanse as bases do Concurso de Disfraces do Entroido 2020, que terá lugar o 28 de febreiro de 2020 na Polideportiva Arsenio Iglesias de Santa Cruz.

Nas bases aprobadas figura, en relación ao procedemento de inscrición, o seguinte :

“**CUARTO.**- As inscricións deberán facerse a través da páxina web www.oleiros.org, ata o 26 de febreiro de 2020.

A inscrición será cumprimentada cos datos dun membro do disfrace que o representará en todas as fases do concurso.

*No momento da inscrición asignaráselle un número de dorsal que deberá retirar o representante na polideportiva Arsenio Iglesias o venres 28 de febreiro entre as **18:30 e as 19:30 horas**. O número do dorsal asignará a orde de presentación no escenario”*

Polo exposto, de conformidade coas atribucións a min conferidas polo Decreto de Alcaldía nº 2019002619, de data 20 de xuño, de delegación de competencias,
VEÑO EN RESOLVER:

PRIMEIRO.- Acordar a ampliación do período de inscrición ata o 28 de febreiro de 2020 ás 10:00 horas, a través da páxina web www.oleiros.org

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola 7ª tenente de alcalde delegada de Servizos Sociais e Igualdade, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).